



DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do vintetrés de xuño de dous mil dez, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- a) Monte **DE CASTAÑOSO** (expediente 12/73), pertencente aos veciños do lugar de **CASTAÑOSO**, parroquia de **MADERNE**, no termo municipal de **A FONSAGRADA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 31 de xullo de 1974. Con data 19 de febreiro de 2010 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de A Fonsagrada, con data 10 de decembro de 2009, recaída no Xuízo Ordinario 99/2008, na que, estimando a demanda interposta, declárase: << que o monte de Castañoso, situado na parroquia de Maderne, concello da Fonsagrada, cunha superficie total aproximada de 280 hectáreas e 65 áreas e os perímetros interior e exterior que constan no informe pericial reflectido no feito primeiro da demanda, ten natureza abertal e non veciñal en man común (...)>>. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, acatar o pronunciamiento declarativo da mesma, e proceder a anular a clasificación e á cancelación da inscrición do monte no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión ao **Xulgado de 1º Instancia de A Fonsagrada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a vinteoito de xuño de dous mil dez.

Vº e Pr.

**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Ramón Carballo Páez.